


Modelo de comentario dun climograma



Seguidamente imos comentar un gráfico denominado climograma ou diagrama ombrotérmico. Trátase dunha gráfica de dobre entrada na que se manifesta a evolución mensual das temperaturas e das precipitacións medias dun lugar concreto ao longo dun ano; neste caso referido á cidade peruana de Iquitos. Falamos de temperaturas e precipitacións medias porque para poder determinar o clima a Organización Meteorolóxica Mundial establece que se necesita un mínimo de 30 anos de rexistro. Os datos son as medias deses 30 ou máis anos.

Nun climograma existen dous eixos verticais e un horizontal. Nun dos eixos de ordenadas (vertical) reflíctese os valores da precipitación media mensual en mm, que se representan no gráfico mediante barras. No outro eixe vertical indícanse os valores da temperatura media mensual en °C, que se representan mediante unha liña. No eixe de abscisas (horizontal) figuran os dozes meses do ano.

Comezaremos a análise centrándome no estudo das temperaturas e da súa evolución ao longo dos doce meses do ano. Como todos eles son cálidos, a totalidade sobrepasa os 22°, trátase dun clima sen inverno. A temperatura máis elevada, 26,6°, rexístrouse no mes de novembro e a máis baixa, 24.9°, en xullo. A temperatura media, 25.8°, é tamén elevada, ao contrario do que acontece coa oscilación térmica que apenas acada os 1.7°.

No tocante á precipitacións, reparando na gráfica e máis nos datos que a acompañan, observo que son moi elevadas, pois acadan un total de 2.485 mm anuais, e moi regulares dado que non hai ningún mes seco: todos son húmidos. O mes que rexistra o maior volume de precipitacións é marzo (295 mm) e o mes ca menor cantidade de precipitacións recollidas é agosto (178 mm).

Atendendo á distribución das temperaturas, e dado que os valores máximos das mesmas non se rexistran nos meses centrais do ano senón nos meses finais, penso que o espacio representado neste climograma, se atopa no hemisferio S. (se se atopara no hemisferio N. os valores térmicos máis elevados acadaríanse en xuño, xullo e agosto).

Valorando conxuntamente precipitación e temperaturas, vemos que non hai estacións: non se pode distinguir unha estación fría dunha cálida, unha seca dunha húmida.

Co anteriormente exposto, creo poder afirmar que a gráfica encaixa perfectamente coas características dun clima da zona climática cálida, concretamente coas características do clima ecuatorial: temperatura media superior ao 18°, temperaturas mensuais elevadas e regulares e precipitacións abundantes e regulares.

O clima ecuatorial esténdese por unha estreita banda ao N. e ao S. do Ecuador.

Os ríos desta área climática caracterízanse por seren, ao igual que as precipitacións, moi caudalosos e regulares.

No tocante á vexetación natural cabe dicir que o bioma asociado ao clima ecuatorial é a selva, que queda caracterizada pola existencia dunha vexetación moi densa, sempre verde e articulada organizada en pisos.